

**De literata a literata: Anne Marie Morris
canta a Rosalía de Castro en inglés**

Soledad Fox

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

FOX, SOLEDAD (2012 [1999]). “De literata a literata: Anne Marie Morris canta a Rosalía de Castro en inglés”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1998, 169-178. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1792>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

FOX, SOLEDAD (1999). “De literata a literata: Anne Marie Morris canta a Rosalía de Castro en inglés”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1998, 169-178.

* Edición dispoñíbel desde o 7 de febreiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

DE LITERATA A LITERATA: ANNE MARIE MORRIS CANTA A ROSALÍA DE CASTRO EN INGLÉS

Soledad Fox

Aínda que a poeta norteamericana a penas sexa coñecida no seu propio país, goza dunha imaxe case mítica nos círculos literarios galegos. Esta sona está directamente vencellada á aparición en galego do seu poemario *Voz fuxitiva* (1964), que produciu unha fascinación xeral por tratarse dunha obra poética en galego escrita por unha autora totalmente allea ó mundo cultural galego da época. As vacilacións interpretativas abalaron entre o lóxico e o absurdo: desde unha tradución ó galego dunha obra orixinal en inglés ata a posibilidade de que baixo o nome da autora se agachase o pseudónimo dun ou dunha poeta galega, pasando pola hipótese de que podería tratarse dunha escritora norteamericana de orixe galega.

Cando en 1964 se publicou o poemario, Ernesto Guerra da Cal tratou de esclarecer estas dúbidas na “Presentación” do libro. A cuestión autorial tras *Voz fuxitiva* era sinxela, aínda que non exenta de misterio. Anne Marie Morris era, efectivamente, unha muller norteamericana sen parentesco familiar galego e, ademais, nunca estivera en Galicia. O poemario revelaba, sen embargo, unha escritora cun sorprendente coñecemento da lingua galega e da súa tradición literaria. Hai que recoñecer que a outros moitos escritores non galegos lles atraera a idea de escribir en idioma galego. Nas *Actas do Congreso de Poetas Alófonos en Lingua Galega* réunese unha extensa bibliografía de poetas non galegos de distintas épocas, todos eles unidos pola atracción poética pola lingua galega¹. Non obstante, a relación de A. M. Morris con esta lingua é realmente especial.

Case trinta anos despois da publicación de *Voz fuxitiva*, Xosé Rubia Barcia (antigo profesor dela e director do departamento de español e portugués na UCLA), confirmábame o excepcional da personalidade da autora de *Vox fuxitiva*.

[170] O poemario foi recibido, sen excepción, con admirado entusiasmo pola crítica galega da época, e hoxe é considerado unha contribución importante á literatura galega do século XX. En 1993 ela mesma foi invitada de honra no Primeiro Congreso de Poetas Alófonos en Lingua Galega, celebrado en Santiago de Compostela. Sen dúbida, de coñecerse o seu enderezo, tería sido invitada a visitar Galicia moito antes. Desgraciadamente, durante máis de dúas décadas, A. M. Morris perdeu todo contacto co mundo galego ata 1993, cando foi localizada en Oregón².

A relación co galego da autora norteamericana, que na época da composición dos seus poemas era estudante de doutoramento na UCLA, comezou e evolucionou dun xeito to-

¹ Alonso Montero, Xesús e Salgado, Xosé M. *Poetas alófonos en lingua galega*. Vigo: Galaxia, 1994.

² O relato da primeira noticia de Morris despois de case trinta anos de silencio pódese atopar no meu artigo “Noticia de anne Marie Morris” no *Boletín Galego de Literatura* 9, maio de 1993.

talmente espontáneo e á vez profundo. A. M. Morris dominaba xa o francés e o castelán cando descubriu a lingua galega. Ó coñecer un día unhas cantigas dos antigos cancioneros galego-portugueses, quedou engaiolada pola beleza dunha lingua que lle era descoñecida. Ó pouco tempo descubriu versos en galego inseridos na obra de Valle-Inclán. Coa axuda da súa familiaridade co latín e varias linguas romances, para compensar a carencia dun dicionario galego, leu e releu todo canto puido atopar neste idioma. En California tivo acceso a unha antoloxía de Rosalía de Castro, intitulada *Obra poética*³, e a *Aires da miña terra*, de Manuel Curros Enríquez. Encargou as obras completas de Rosalía a Galicia e ficou impresionada con *Cantares gallegos* e *Follas novas*. Pasaba noites enteiras inmersa na lectura de poesía galega e deste xeito comezou o que se convertería nunha verdadeira obsesión. Unha desas noites, medio durmida, medio consciente, a súa imaxinación, impregnada polos ritmos e o lirismo da lingua, e máis concretamente polo poema de Curros “Como pasan no mar tódo-los ríos”, A. M. Morris saíu ó xardín e compuxo o seu primeiro poema en galego, que posteriormente sería incluído en *Voz fuxitiva*, dedicado “Á lingua galega”:

marmurio.
movimento de prata.

o vento errante
zoa no luar.

voz fuxitiva
nun río perdido
chorando
camiño do mar.

Así iniciou A. M. Morris a súa aventura literaria galega. É imprescindible salientar que non escribe en galego como exercicio culturalista. Por contra, faino porque cando descobre o galego intúe a súa propia vocación poética. Nacera por vez primeira, como ela mesma confesa, en Illinois en 1916. Pero o seu segundo nacemento —o poético— é o que a ela realmente lle interesa. Nunha carta a Guerra da Cal, A. M. Morris describe este seu segundo nacemento:

Nascín no ano 1959 nunha montana onde falan un galego moi diferente e peculiar — que pertence inteiramente a esa rexión—. A xente que mora nesa montana ou son pantasma ou figuras maxinadas. É un lugar belidiño —alí chegan os ensoños...—. Ten boa vista do mar, árbores, froes, sol por unha banda, pola outra sómentes tebras, dunha cambiante escuridade. Ten luar, moito, e moito vento. E unha nebrina miudiña de morriña que infunde todo [...]. Nesta montana vivo [...]⁴.

[171] Esta descrición é ó mesmo tempo o retrato dunha natureza idealizada —a transcrición dunha Galicia imaxinada— e unha exposición da paisaxe do seu propio imaxinario poético. Revela a súa sensibilidade poética e a profundidade da súa relación co cosmos galego, representado pola lingua, a morriña, as pantasma. Cando di que vive nesa montaña imaxinaria, alude ó mundo da creatividade, o mundo transcendente da imaxinación, que para ela é inseparable do galego.

Anne Marie Morris seguiu escribindo en galego coa axuda de Rubia Barcia e o apoio de R. Menéndez Pidal, que se mostrou impresionado cos poemas que ela lle enviou. O

³ Castro, Rosalía de. *Obra poética* (preparada por Augusto Cortina). Buenos Aires-México: Espasa-Calpe, 1942.

⁴ Guerra da Cal, Ernesto. Introducción a *Voz fuxitiva*. Vigo: Galaxia, 1964.

primeiro reuniu os versos da súa discípula e os remitiu a Guerra da Cal a Nova York para solicitar a súa opinión. Este non tardaría en contestar suxerindo a súa publicación inmediata. Guerra da Cal, que non chegou a coñecer á autora de *Voz fuxitiva*, declara que sente unha grande afinidade con ela:

Eu non conhezo Anne Marie Morris. Separa-nos a vastidade continental que media entre Nova Iorque e Los Angeles [...]. O que dela sei, sei-no pola sua poesía e por un fato de cartas, en galego [...]. Mas ises versos i-esas cartas desenhán tan lene e fondamente o perfil d~uha alma, que me parez que a conhezo de sempre, e que sen data pertence ao meu mundo emotivo. Conhecimento poético, que ultrapasa a relación humana e toca no mundo transcendente do misterioso e do miraculoso⁵.

Noutras palabras, Guerra da Cal reconece nos versos de *Voz fuxitiva* a capacidade da súa autora para conectar coa tradición poética galega. Outro exemplo desta especial relación obsérvase nun artigo que A. M. Morris publica en *Grial* sobre “En los ecos del órgano...”, no que describe a poesía rosaliana:

Ella escribe las tristezas y los problemas de su pueblo con una sensibilidad casi increíble. Sus poesías gallegas son las mejores, con ingredientes regionales y conmovedores. Su dolor —esta sensación particularmente gallega: morriña, soidade— se siente más allá de su tierra. La musicalidad y la dulzura de la incomparable lengua gallega, junto con su espíritu creador que trasciende palabras, hace posible para los extranjeros un entendimiento sorprendente de los libros *Cantares gallegos* y *Follas novas*⁶.

Nestas frases A. M. Morris sinala o esencial da poesía rosaliana e do idioma galego en xeral: a sensibilidade, a morriña, a soidade, os elementos rexionais e, sobre todo, a musicalidade, pois é esta última a cualidade que lle permitiu apreciar tan intensamente a poesía galega aínda sen posuír un coñecemento profundo do idioma. Cando di que a musicalidade e a dozura da lingua galega facilitan ós estranxeiros un entendemento sorprendente da poesía rosaliana, deixa entrever que a musicalidade —o ritmo, a rima, o lirismo, o son— constitúe un aspecto fundamental da definición da linguaxe poética. O esencial da poesía radica precisamente nos elementos que sobrepasan e transcenden o literal. Así, non é de estrañar que a escritora norteamericana puidese apreciar tan intensamente a poesía galega sen entender o significado literal de moitas das palabras, porque para ela existe un coñecemento previo ó representado polo significado das palabras. Para ela o descubrimento da musicalidade —é dicir, o poético— da poesía galega foi simultaneamente o desuobrimento da súa propia capacidade poética.

Sen embargo, aínda apreciando plenamente a beleza da poesía galega sen entender galego en toda a súa complexidade, A. M. Morris non tardou en afondar no seu coñecemento autodidacta desta lingua, lendo fundamentalmente poesía e intentando descifrala. Con posterioridade, baixo a dirección de Rubia Barcia, dedi-[172]couse a ler e a escribir versos exclusivamente en galego. A produción poética desta época reuniuna en *Voz fuxitiva*.

Aínda que este poemario sexa ata o de agora a única obra publicada da autora, só representa un aspecto da súa moi estimable contribución á literatura galega. Ademais de compoñer versos, dedicou moitos anos a traducir ó inglés toda a obra en verso de Rosalía de Castro; un proxecto que comezou como parte da súa tese de doutoramento. Parece que a última vez que se soubo publicamente desa tese foi en maio de 1969, cando a publicación

⁵ *Ibidem*.

⁶ “Análisis de ‘En los ecos del órgano’”, en *Grial* 6, Vigo, 1964, pp. 519-23.

periódica *Correo de Galicia*, de Bos Aires, ó publicar o seu poema “Deixa caer luar” inclúe unha breve e afectiva noticia sobre a autora:

Fillastra de Galicia se chama asemesmo Anne Marie Morris. Filla, verdadeira filla, lle decimos nós. O seu fondal traballo feito decote polo coñecimento da nosa língoa, literatura e costumes, nos Estados Unidos, faina unha galega de pro. A nosa poetisa naceu en Illinois, USA, no ano 1916, e o seu esforzo literario céntrase en rematar a súa tesis doutoral tiduada *Rosalía de Castro: Problems of Translation from Galician*.

Esta extensa tese (unhas 2.600 páxinas), que desgraciadamente nunca foi publicada, ten dous compoñentes fundamentais: por unha banda, é un estudio a fondo da poesía rosaliana e das dificultades que representa a traducción da poesía desde un punto de vista teórico, exemplificadas na cuestión do ritmo rosaliano. Por outra banda, case que un tercio da súa tese está composta polas excelentes traduccions do corpus poético de Rosalía de Castro. O feito de que existan e de que a súa autora se decidise finalmente a facelas públicas é un grande acontecemento cultural desde varias perspectivas: porque existen escasas traduccions de Rosalía ó inglés e as publicadas presentan serias deficiencias, en contraste coas de A. M. Morris, que son excepcionalmente fieis ó orixinal rosaliano. En parte é lóxico que a autora de *Voz fuxitiva* sexa unha persoa ideal para traducir a Rosalía: coñece, na súa dobre condición de poeta e literata, o galego e o inglés a fondo. Ademais, ata o de agora, que se saiba, ninguén traduciu ó inglés un corpus tan extenso da obra poética rosaliana.

O repertorio das traduccions existente redúcese ó seguinte: *By the River Sar*, de S. Griswold Morsley (Berkeley: University of California Press, 1937). Este volume, que A. M. Morris coñecía e que na súa opinión se afastaba excesivamente do orixinal, inclúe as traduccions duns setenta poemas da obra castelá *En las orillas del Sar*. A segunda colección en aparecer foi *Poems of Rosalía de Castro*, de Charles David Ley (Madrid: Ministry of Foreign Affairs, 1964), na que se reúne unha selección de poemas de *Cantares gallegos* e *Follas novas*. Por último, en 1991 apareceu *Poems* (Albany: SUNY Press, 1991) nunha edición preparada e traducida por Anna-María Aldaz, Barbara N. Gantt y Anne C. Bromley. A relevancia desta colección consiste en que por primeira vez se reúne en traducción unha selección de textos dos tres grandes poemarios rosalianos. Ademais, a introducción, as notas e a bibliografía convierten esta edición nun bo punto de partida para o coñecemento de Rosalía no ámbito nortamericano e no inglés en xeral. Non obstante, en *Poems* predominan, con moita diferenza os poemas de *En las orillas del Sar*. Aínda que, afortunadamente, se inclúe o combativo e ó mesmo tempo conmovedor prólogo de *Cantares gallegos* só se recollen cinco poemas deste primeiro libro rosaliano. As tradutoras xustifican esta decisión co seguinte argumento:

[173] Para as nosas traduccions escolmamos uns poucos poemas de *Cantares gallegos* como exemplo representativo do estilo e a temática da primeira obra rosaliana. A meirande parte, sen embargo, son de *Follas novas* e *En las orillas del Sar*, pois estas dúas obras reúnen os seus mellores versos, sobre os cales se basa a súa fama⁷.

Poems tamén silencia os poemas extensos, dos que ocasionalmente se traducen algúns fragmentos. As responsables do libro explican que evitaron este tipo de textos co fin de

⁷ “For our translations, we have selected a few poems from *Cantares gallegos* as a representative sample of the style and themes in her early work. The majority of the poems, however, are from *Follas novas* and *En las orillas del Sar*, since these two books include her best poems upon which her reputation rests”. Anna-Maria Aldaz, Barbara N. Gantt, Anne C. Bromley. *Poems*. Albany: SUNY Press, 1991, p. 6.

que a colección fose máis atractiva ó lector inglés moderno. As traducións de *Poems* son fluídas e modernas, evocando o ton directo, natural e espontáneo de Rosalía, en prexuízo da rima dos orixinais. Unha decisión que as responsables da tradución artellan nos seguintes termos:

A miúdo un se pregunta se é posible traducir poesía. Calquera traductor [...] debe tomar importantes decisións que afectarán á lealdade da tradución ó orixinal en canto á forma e ó fondo. Para as nosas traducións deixámonos guiar pola seguinte norma: unha tradución boa en prosa é mellor que unha mala que rime [...]. A nosa decisión de non querer imitar a rima de Rosalía débese en parte ó difícil que é traducir ó inglés desde unha lingua románica⁸.

As tradutoras presenta así un dos dilemas da tradución: a cuestión de escoller entre forma e fondo, exactitude e fluidez. Segundo Gregory Rabassa, veterano traductor literario de varias linguas románicas ó inglés, nunha boa tradución non se sacrifica nada:

Esta pregunta nunca debería ser formulada, xa que unha boa tradución tería que incluír ambos elementos (fluidez e exactitude). Pero a miúdo este non é o caso e o que temos non é máis que unha “imitación” ou unha tradución literal. Se unha obra canta no orixinal e non na tradución, a tradución non é máis que un resumo literal; se soa ben ó lelo, pero só se aproxima ó significado, non temos máis que unha sub-creación, que pode ser meritória, pero que non chega a ser o que pretende. Este é o precario equilibrio que o traductor está obrigado a manter. Ó decidir se unha tradución é boa ou non, deberíamos empregar o mesmo xuízo co que avaliamos un soneto⁹.

Anne Maria Morris, co seu peculiar bilingüismo poético, logra o que ata o de agora semellaba imposible: que a Rosalía se lle poida oír cantar en inglés. Pero, sobre todo, logrou unhas traducións cheas do ritmo, as asonancias e consonancias, a rima, en síntese, como diría ela mesma, a musicalidade rosaliana, porque soubo escoitar profundamente —desde o primeiro momento— a poesía específica da lingua galega. Ó traducir a Rosalía, A. M. Morris non quixo escoller entre forma e fondo. Para ela unha tradución con discrepancias rítmicas non pode ser unha tradución digna. No seu limiar a *Cantares gallegos*, a poeta galega expresa o desexo de que os seus versos poidan axudar a que Galicia recupere a fama, o respecto e a admiración da que é merecente. Non podería ter imaxinado con cánta atención, paixón e talento serían traducidos os seus versos, co seu lirismo intacto, ó inglés.

A continuación inclúese a tradución de dous poemas —“Fun un domingo”, de *Cantares gallegos*, e “O meu olido máis puro”, de *Follas novas*— como mostra do monumental proxecto traductor-interpretativo da outra verdadeira filla de Galicia, Anne Marie Morris. [174]

⁸ “One often wonders whether poetry can be translated. Any translator [...] must make important decisions concerning faithfulness to the form and content of the original. In our translations we have been guided by the maxim that a good prose translation is preferable to a bad rhymed one [...]. Our decision not to try to mimic rhyme schemes is partly based on the problem of translating from a romance language into English”. *Ibidem*, p. 17.

⁹ “The question should really never be put, for we would hope that both would be present. This is not the case, however, and what we have too often is either an “imitation” or a trot. If a work sings in the original and does not in the translation, then the versión is little more than a linear glossary; if it reads well but is grossly inaccurate, we are faced with a sub-creation which may well have its merits but is not what it purports to be. This defines the line I have mentioned above, the one which the translator must walk. Deciding whether a translator is good or not is very similar to passing judgement on a sonnet”.

O MEU OLIDO MÁIS PURO

O meu olido máis puro
dérache s'eu fora rosa,
o meu marmurio máis brando
s'é que do mar for a onda.
O bico máis amoroso
se fose raio da aurora,
si Dios... Mais ben sei que ti
non qués de min nin a gloria.

If I were a rose, I'd give you
the purest of my aromas;
I'd give you my softest murmurs
If I were a wave from the sea;
if I were a ray of the dawn,
the tenderest of my kisses;
If God... but I'm sure that you
Don't even want glory from me.

FUN UN DOMINGO

Fun un domingo,
fun pola tarde,
co sol que baixa
tras dos pinares,
cas nubes brancas,
sombra dos ángeles,
cas palomiñas
qu'as alas baten
con un batido
manso e suave,
atravesando
vagos celaxes,
mundos estraños
qu'en raios parten
ricos tesouros
d'ouro e diamante.
Pasín os montes,
montes e valles,
pasín llanuras
e soledades:
pasín os regos,
pasín os mares
cos pés enxoiros
e sin cansarme.

Colleum'a noite,
noite brillante [175]
cunha luniña
feita de xaspes,
e fun con ela

camiño adiante,
cas estreliñas
para guiarme,
qu' aquel camiño
sólo elas saben.

Dempois a aurora
co seu sembrante
feito de rosas
veu a alumbrarme,
e vin estonces,
antre o ramaxe
d'olmos e pinos,
acobexarse
branca casiña
con palomare
dond'as pombiñas
entran e saien.
Nela s'escoitan
doces cantares,
nela garulan
mozos galantes
cas rapaciñas
doutros lugares.
Tod' é contento,
tod' é folgare
mentras a pedra
bate que bate,
mole que mole,
dálle que dálle,
con lindo gusto
faielle compases.

Non hai sitiño
que máis m' agrade
qu' aquel muiño
dos castañares,
dond' hai meniñas,
dond' hai rapaces
que ricamente
saben loitare.
Donde rechinan
hasta cansarse
mozos e vellos,
nenos e grandes,
e anque non queren
qu' aló me baixe, [176]
sin qu' o soupera
na casa naide,
fun ó muiño
do meu compadre
fun polo vento,
vin polo aire.

I WENT ON A SUNDAY

Went on a Sunday,
went in the late afternoon
with the sun lowering
down through the pinewood,
with the white cloudmist
shadows of angels,
with little butterflies
fluttering wings lightly
with a soft flutter;
passed among wandering
coraline clouddrifts,
worlds full of wonder
disintegrating
in richest treasures
of gold and diamonds
streaming in sunbeams;
crossed over mountains,
mountains and valleys;
crossed level pastures
and lonely places;
crossed over ditches,
crossed over oceans
with feet unmoistened
and without tiring.

Then the night grasped me,
night that was brilliant,
with a moon crescent
fashioned of jasper,
and I accompanied her going onward
as the stars twinkled
so they could guide me,
because they only
know the direction.

After that dawn came
with her bright features
fashioned of roses
shining upon me,
and I could see then [177]
in among branches
of elms and pinetrees
a house was hidden,
white, with a dovecote
and little pigeons
coming and going.
In it the tuneful
sound of sweet singing,
in it well-mannered
boys babbling gayly
with the young maidens
who come there visiting
from nearby places.

Everything merry,
everything pleasing,
while the mill's millstone,
beating an beating,
grinding and grinding,
repeat, repeating, cheerily continues
its easy rhythms.

For me no other spot is more pleasant
than that mill sheltered
among the chestnuts,
where the girls gather,
where boys assemble
who can adeptly
play tumble-tussle;
where squeal and scuffle
till they are tired
old men and young men,
adults and children.

Though they don't sanction
my going down there,
without a member
of my house knowing.
I went to the mill
of my special friend
I went through the air,
I flew like the wind.